



CONCELLERÍA
DE
POLÍTICA
DE BENESTAR

CONCELLO
DE VIGO



PLDa
PLAN LOCAL SOBRE
DROGODEPENDENCIAS
E OUTRAS ADICIÓNIS

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2014

O 10 de outubro de cada ano, como sabedes, celébrase o Día Mundial da Saúde Mental a iniciativa da Federación Mundial de Saúde Mental (WFMH). A Organización Mundial da Saúde (OMS) apoia tamén esta efeméride, co obxecto de mellorar a sensibilización sobre os temas da saúde mental, mediante as súas relacións con gobernos, administracións públicas e outros organismos da sociedade civil.

A OMS estima que, polo menos, 26 millóns de persoas viven coa esquizofrenia en todo o mundo e que moitas máis están indirectamente afectadas por ela. A esquizofrenia afecta ao benestar da persoa, acurta a súa vida e é unha das principais causas de minusvalidez a nivel mundial. Esta realidade, a miúdo incomprendida e asociada a un alto nivel de estigma, supón unha pesada carga para as persoas que a sofren, as súas familias e coidadoras. Por iso, o lema escollido este ano é "**Vivindo coa Esquizofrenia**".

Complementariamente, a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental (FEAFES) propón o lema "**Abrindo mentes, cerrando estigmas**", xa que por desgraza, o descoñecemento e os prexuízos en torno ós problemas de saúde mental aínda seguen a ser un dos principais problemas do día a día das persoas con algún tipo de trastorno mental.

Dende o **Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións (PLDA)** de Vigo, ademáis de aproveitar esta data para lembrar a importancia do traballo cotián desempeñado polas entidades que forman parte da nosa organización e polo resto das que operan na cidade, queremos tamén adherirnos ás accións con motivo do **Día Mundial da Saúde Mental** e reiterar o noso compromiso para continuar traballando pola mellora da imaxe social das persoas con enfermidades mentais e pola atención das súas necesidades sociais e laborais, favorecendo os procesos de normalización social. Entre os obxectivos específicos do PLDA, atópanse desenvolver medidas dirixidas á superación de actitudes discriminatorias e excluíntes, propiciando a xeración dunha conciencia social solidaria e participativa, promover actuacións informativas e de sensibilización cara á comunidade sobre o tratamento e a inserción social no ámbito das drogodependencias, e desenvolver e apoiar medidas institucionais e sociais encamiñadas a mellorar a imaxe social da poboación con patoloxía dual.

Vigo, 6 de outubro de 2014

Presidenta do PLDA de Vigo

*Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo
Isaura Abelairas Rodríguez*

Director técnico do PLDA

Francisco Otero Lamas